



## ANEXO II- MEMORIA DESCRIPTIVA

CENTRO:	CIF:
CPR CALASANCIO	R3600145A

### NOME PROXECTO/ACTIVIDADE:

Radio PonteLila – A radio da igualdade

### TRAXECTORIA DO CENTRO (Historia, entorno social, número de grupos e alumnado, persoal, plans e proxectos significativos levados a cabo nos últimos anos). Máximo 3000 caracteres.

O noso Centro fundouse, en Pontevedra, no ano 1939 seguindo o estilo pedagóxico legado por san Faustino Míguez (o noso fundador). Aínda que na actualidade o Centro educativo está situado na rúa Blanco Porto, zona urbana na que predomina a pequena e mediana empresa, comercio e servizos, con anterioridade tivo dúas localizacións diferentes tamén na cidade do Lárez.

O Colexio cumpre os requisitos para a implantación da Ed. Infantil, Ed. Primaria e Ed. Secundaria Obrigatoria. Na actualidade contamos con 26 aulas nos tres niveis nos que atopamos, respectivamente, 150, 300 e 195 alumnos e alumnas. O alumnado é o principal protagonista da nosa Escola, a súa razón de ser e o seu estímulo. Ademais, no noso Centro se integran e conviven diferentes nacionalidades nos distintos niveis educativos. O persoal docente está formado por 39 profesionais do que unha ampla maioría son mulleres.

O mesmo tempo, o noso Centro promove, paseniñamente, actividades escolares e extraescolares que favorecen unha educación inclusiva e en igualdade tal e como se recolle nas programacións de aula (dende EP a ESO), no PEC, e dende 2017, coa chegada do CMN dando maior visibilidade a cuestións de igualdade, que centra, cada vez máis, os nosos esforzos por aportar novos axentes de igualdade, ben formados e ben comprometidos, tanto entre o alumando como entre o profesorado e as familias.

Non podemos esquecer que a innovación educativa está, tamén, entre os obxectivos do noso Centro razón pola que salientamos a implantación, en Secundaria, de plans como o ABALAR, o EDIXGAL e as aulas CHROMEBOOK, estes últimos, plans pioneiros a nivel tecnolóxico, na cidade de Pontevedra. Ademais, do plan do Plurilingüismo.



**XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN E OBXECTIVOS.** Máximo 2000 caracteres.

No marco do Consello da Muller Nova, impulsado polo Concello de Pontevedra e afianzado no noso Centro dende hai xa dous anos, o CMN do Calasancio, coñecido como **As Lazadas Lilas**, puxo en marcha, neste curso escolar 2018/2019, un programa de radio de emisión semanal que botou a andar simbolicamente o 8M cos seguintes obxectivos:

- dar visibilidade ás diferentes situacións cotiás nas que poñer en valor á muller
- denunciar conductas machistas e desiguais presentes en eidos diversos como a publicidade, a música, os xornais, os deportes, a sexualidade...
- conmemorar datas fundamentais
- dar voz a mulleres galegas cuxo papel na sociedade é primordial como directivas de empresas, deportistas ou políticas co afán de loitar e defender, dende a ilusión e a esperanza, unha sociedade en que a igualdade e o respecto sexan, por fin, unha realidade.

Cómpre salientar que todo o alumando colaborou activamente na elaboración das diferentes seccións, das entrevistas, contacto coas convidadas, busca de información, suxestións de temáticas, dirección dos programas, elaboración dos guiños radiofónicos, montaxe, gravación e edición dos podcast semanais.

Sen esquecer que, durante todo o curso, seguimos a analizar e debater a realidade en termos de igualdade tanto no noso Centro educativo como na sociedade en xeral.

O tempo que, dende **As Lazadas Lilas**, se levaron a cabo actividades como pegada de cartaces polo Centro en sinal de protesta, de conmemoración, de reflexión por parte de todo o alumnado... así como a análise de películas e posterior reflexión dirixidas polas **Lazadas Lilas** nas diferentes titorías de secundaria.

En definitiva, as **Lazadas Lilas** postúlanse como un grupo verdadeiramente afianzado no noso Centro que denuncia, promove, defende...

**ACCIÓNS, PROCEDEMENTOS E RECURSOS POSTOS EN PRÁCTICA.** Máximo 3000 caracteres.

Entre as diferentes accións salientamos:

Accións levadas a cabo en relación coa radio PonteLila:

- Afianzamento do grupo das **Lazadas Lilas** no marco do CMN como grupo de traballo semanal
- Inauguración da radio da igualdade o 8M: a Radio PonteLila (momento que se compartiu con todo o Centro)
- Elaboración e gravación dos programas semanais
- Confección, por parte do alumnado, dun logo para a nosa radio e reelaboración do logo definitivo das **Lazadas Lilas**
- Entrevistas a mulleres galegas de distintos ámbitos



Outras accións desenvolvidas durante o curso escolar:

- Pegada de cartaces por todo o Centro para o 25N: “Calasancio en Negro” ademais dunha pancarta a modo de denuncia que estivo presente durante todo o curso
- Actividade para presentar nas titorías sobre a violencia analizando o filme “3 metros sobre el cielo” (actividades elaboradas, presentadas e dirixidas polo alumnado das **Lazadas Lilas**)
- Creación de viñetas para “denunciar” celebracións como o san Valentín co obxectivo de desmontar o mito do amor romántico
- Mural para o Día das mulleres escritoras
- Mural sobre mulleres inventoras

Recursos:

Para a PonteLila contamos cun modesto equipo de gravación, un sinxelo estudio e un gran grupo humano formado polo alumnado das **Lazadas Lilas**. Ao mesmo tempo, tamén contamos con todo tipo de material para decoración, con ordenadores, wifi...

**METODOLOXÍA EMPREGADA.** Máximo 2000 caracteres.

As **Lazadas Lilas** están formadas por 26 rapazas e 8 rapaces de diferentes cursos, dende 1º a 4º ESO, o que fai un total de 34 persoas (incorpóranse novas persoas cada curso escolar), motivo polo cal tivemos que crear dous grupos de traballo que ían traballando, alternativamente, cada semana.

Buscando sempre que o alumnado do CMN represente a auténticos axentes de igualdade no noso Centro o que se pretende, metodoloxicamente, é acompañar, coordinar e guiar ao alumnado nas súas actividades, nas súas reflexións... pero, sobre todo, que sexan elas e eles as caras visibles das **Lazadas Lilas**.

Deste xeito, en canto á radio PonteLila se refire é o alumnado, sempre participativo, o que elabora cada sección, decide o contido das mesmas, propón novas ideas, establece un nome orixinal para cada sección, confecciona o guión de cada programa, dirixe os programas, ponse en contacto coas persoas a entrevistar... En definitiva, son as alumnas e os alumnos que lle poñen ilusión e constancia a este proxecto baixo a guía e o acompañamento da coordinadora de igualdade do noso Centro.

Para a difusión de actividades, especialmente as relacionadas coa radio PonteLila, contamos cun espazo na páxina web do noso Centro educativo.

Ademais, o alumnado ten un grupo de whatsapp no que, constantemente, intercambian diferentes informacións no que atinxe á igualdade ao tempo que se comunican entre elas e eles.



**TEMPORALIZACIÓN DA ACTUACIÓN.** Máximo 2000 caracteres.

As **Lazadas Lilas** levan traballando dende o curso académico 2017/2018, mais foi no presente curso escolar, o 18/19, que se puxo en marcha o proxecto de igualdade da Radio PonteLila. A PonteLila botou a andar o 8 de marzo de 2019 pero dende decembro xa estivemos a traballar na posta en marcha da radio PonteLila, cuxas emisións se estenderon ata xuño de 2019.

Con todo, as **Lazadas Lilas** seguen a traballar arreo mesmo durante os períodos de descanso xa que adoitan facer lecturas sobre igualdade para despois propoñer ao grupo e someter a debate, analizan cancións, anuncios publicitarios, len xornais, contactan con mulleres referentes en diversos eidos... todo co afán de mellorar o avance da radio PonteLila para que, nos próximos cursos escolares, este proxecto se vexa afianzado, aínda máis se cabe, no noso Centro.

**IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DO ENTORNO NAS ACTUACIÓNS REALIZADAS.**

Máximo 2000 caracteres.

A boa marcha da radio PonteLila conta co alento do seu grupo fundador, as **Lazadas Lilas**, mais tampouco podemos esquecer o apoio do Equipo Directivo que sempre puxo facilidades para levar a cabo a nosa proposta, ademais de cedernos un espazo exclusivo para a montaxe do estudo de gravación.

Ao mesmo tempo, toda a comunidade educativa (resto do alumnado do centro, do profesorado e tamén familias) participa e colabora na difusión, organización e elaboración das diferentes actividades.

**INDICADORES DE DIFUSIÓN DA EXPERIENCIA (Visibilidade do proxecto, repercusión nos medios de comunicación, redes sociais...).** Máximo 2000 caracteres.

A visibilidade do proxecto da Radio PonteLila ten lugar tanto na páxina web do Centro como nas diferentes RRSS.

En concreto, na páxina web contamos cun espazo propio no que se publican os programas de radio e as distintas entrevistas o que dá acceso a unha amplo número de persoas que consultan as nosas publicacións.

Do mesmo xeito, e a maiores, para unha maior visibilidade e difusión do proxecto Radio PonteLila as RRSS do Centro, a saber, instagram e facebook, deron boa conta de cada momento, publicación, actividade, entrevista... levada a cabo polas **Lazadas Lilas**.



**VALORACIÓN DE LOGROS ACADADOS.** Máximo 2000 caracteres.

A Radio PonteLila é unha actividade que enche de ilusión ao alumnado das **Lazadas Lilas**, mais tamén ao resto do alumnado, profesorado e familias. Era un proxecto moi esperado polo alumnado de Igualdade que se implicou, como xa se especificou máis arriba, na posta en marcha da Radio e tamén en darlle publicidade á proposta radiofónica. Sen esquecer, a difusión que dito proxecto tivo a través das RRSS do noso Colexio.

Ao mesmo tempo, o alumnado non só valora positivamente o feito de dirixir e xestionar unha radio, senón tamén as diferentes convidadas, mulleres galegas, que quixeron amadriñar, dalgún xeito e dende os seus diferentes ámbitos, a nosa proposta escolar a prol da igualdade. Este gran interese que a Radio PonteLila espertou entre o alumnado fai que o proxecto se afiance no noso Centro e teña continuidade o resto de cursos escolares.

**PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS FUTURAS COMO CONSECUENCIA DO TRABALLO REALIZADO.** Máximo 2000 caracteres.

A Radio PonteLila é unha das prioridades inmediatas das **Lazadas Lilas** que no vindeiro curso, o 2019-2020, seguirán a traballar na elaboración de programas radiofónicos cuns obxectivos claros: unha maior difusión, unha maior implicación por parte de institucións da cidade ou da contorna, seguiremos contando con mulleres que rompen barreiras en todos os eidos da sociedade (ciencia, docencia, música, industria, publicidade...), continuarase, pois, concienciando e reeducando a través das ondas radiofónicas.

Con todo, levaranse a cabo outras actuacións que pretenden mellorar as nosas instalacións e materiais radiofónicos (que no presente curso son máis ben limitadas), así como outras actividades propias das **Lazadas Lilas** que se desenvolven no marco do CMN e a elaboración do Plan de Igualdade.

**RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE PRESENTA, se a houber**

De seguido facemos unha relación sucinta de distintos testemuños gráficos que avalan a realidade do noso proxecto, a Radio PonteLila, ademais doutras actuacións:

- Logo da Radio PonteLila (documento 1)
- Logo das **Lazadas Lilas** (documento 2)



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL E PROMOCIÓN ECONÓMICA

- Fotografías da inauguración da Radio PonteLila (documento 3)
- Ligazón ao espazo web da Radio PonteLila onde se atopan as gravacións dos diferentes programas: <http://www.colgicalasanciop.com/es/content/pontelila-0>
- Testemuños gráficos nas RRSS do noso Centro (documento 4)
- Compilación de fotografías con actividades desenvoltas ao longo do curso escolar 18/19 por parte das **Lazadas Lilas** e tamén no Centro (documento 5)

En Pontevedra a 19, de setembro de 2019

SINATURA




CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN, IGUALDADE E XESTIÓN E PROGRAMACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS CULTURAIS



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL E PROMOCIÓNE ECONÓMICA

**Documento 1:** Logo da Radio PonteLila elaborado polo propio alumnado.






CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL E PROMOCIÓNE ECONÓMICA

**Documento 2: Logo das Lazadas Lilas**







CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL E PROMOCIÓN ECONÓMICA

### Documento 3: Fotografías da inauguración da Radio PonteLila o 8M



Momentos da inauguración.



As **Lazadas Lilas** expectantes coa inauguración da Radio PonteLila



Instantes da gravación do primeiro programa



**Documento 4: Testemuños gráficos, mediante capturas de pantalla, de publicacións nas RRSS**



calasanciopontevedra • Seguir

calasanciopontevedra Esta semana estivo con nos en Radio PonteLila a nosa antiga alumna Silvia Agüete, porteira do Poio Pescamar. Grazas Silvia polo teu agarimo e desexamos que teñas moitos exitos na tua andaina deportiva. Podedes escoilar a entrevista na sección de Radio PonteLila na nosa web: [www.colegiocalasancio.com](http://www.colegiocalasancio.com)

#calasanciopontevedra #radiopontelila

58 Me gusta

Silvia Agüete, porteira do Poio Pescamar, estivo en Radio PonteLila dando voz ás mulleres deportistas galegas.



calasanciopontevedra • Seguir

calasanciopontevedra Hoxe 8M, día da muller traballadora e día de San Faustino inauguramos a nosa radio Fontella. Estamos moi ilusionados con esta nova iniciativa! Grazas a Lupe Muriel, presidenta do Pontevedra CF, que estivo con nos animándonos a nosa iniciativa. Por certo, xa esta dispoñible na web do colexio o noso primeiro programa de radio completo.

#calasanciopontevedra #sanfaustino2019 #yosoycalasancio

65 Me gusta

Publicación en RRSS da inauguración da Radio PonteLila.



calasanciopontevedra • Seguir

calasanciopontevedra Ya esta disponible el nuevo programa de radio de PonteLila (nuestro equipo de igualdad) en la web de nuestro colegio.

#calasanciopontevedra #equiodeligualdad #pontelila

51 Me gusta

Outra das publicacións no Instagram do Centro.



**Documento 5:** Compilación de fotografías de diversas actividades desenvolvidas ao longo do curso escolar 18/19 por parte das Lazadas Lilas e tamén no Centro



Pegada de cartaces polo san Valentín contra o mito do amor romántico.



Momento da lectura da biografía de Marie Curie en 1º EP dentro do proxecto científicas e científico de mañá.



Documento 5 (continuación)



Preparación da actividades "Calasancio en Negro contra a violencia machista"



Mural para celebrar o Día das Mulleres Escritoras